

**ACTO DE PRESENTACIÓN DA COLECCIÓN DOCUMENTAL E ÍNDICES
DO MOSTEIRO DE MONTEDERRAMO, EDICIÓN DO PROFESOR
RAMÓN LORENZO.**

Sra. Presidenta do Consello da Cultura Galega

Sr. Secretario Xeral de Política Lingüística

Sr. Director do Instituto da Lingua Galega

Sr. Alcalde de Montederramo

Sras e Sres Alcaldes de A Teixeira e San Xoan de Rio

Delegada Territorial da Xunta de Galicia

Presidente da Real Academia Galega

Presidente do Pen Clube de Galicia e da Fundación Insua
dos Poetas

Sr. Director da UNED de Ourense

Presidente da Fundación Otero Pedrayo

concelleiras, concelleiros, deputadas e deputados
provinciais, autonómicos e estatais...

Fundacións ourensás presentes

Representacións de colectivos e institucións culturais

Profesor Doutor Ramón Lorenzo Vázquez

Amigas e amigos

Recordo ben a primeira vez que estiven aquí, con seis ou sete anos, acompañando a meus pais que viñeran visitar uns amigos, mestres coma eles. Chamoume a atención daquela que nunha igrexa -eu descoñecía o que era un mosteiro, para min tratábase dunha igrexa grandísima-, houbera vacas e galiñas... Ese foi o Montederramo da miña visión de neno: unha enorme e fría igrexa, con vacas e galiñas arredor...

Despois, naturalmente -sobre todo pola vecindade con Esgos-, voltei en innumerables ocasións. Cada vez que viña descubría algún detalle arquitectónico, achádegos que me fascinaban e que me levaron a apreciar a grandeza deste convento -que así é como popularmente lle chaman as xentes de aquí-, case en ruínas, distinto a San Pedro de Rocas e que eu imaxinaba cheo de xente e de vida nun período da Historia polo que sempre sentín curiosidade, a Idade Media. Os tempos do Monacato nestas terras ourensás.

Hoxe é unha honra vir a Montederramo e participar neste acto no que unha autoridade da romanística, cun amplo recoñecemento internacional no eido filolóxico-nomeadamente na edición de textos, na lexicografía, na gramática histórica e noutras materias da súa competencia-, un dos pais da lingüística e da filoloxía galegas, co fundador do Instituto da Lingua Galega, que sentou os alicerces dos estudos sobre o idioma propio de Galicia,

grande mestre da Universidade Compostelá, o profesor Ramón Lorenzo, presenta a edición de preto de dous mil documentos, cos seus correspondentes apéndices.

Labor “descomunal e ingrato”, como el mesmo apunta na Introducción, realizado ás veces “en condicións penosas”, nunca exento de tesón e de rigor, eixos dun investigador que, ó longo da súa vida antepón, por riba de calquera outro fin, o estudo e a circia defensa da lingua desta nación cultural, principal rasgo da nosa identidade.

Beizón Profesor Lorenzo, graciñas Don Ramón por realizar este acto no lugar que xerou esa importante prosa tabeliónica que será de grande utilidade, a partir de agora, en papel ou dixital, a quen queira afondar na historia, na filoloxía e noutros campos de investigación.

Porque para saber cara a onde imos, resulta imprescindible coñecer o que fomos e o que fixemos, máxima que animou a unha Xeración que marcaría un antes e un despois. Os homes de Nós, Losada Diéguez, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Florentino López-Cuevillas, ós que logo se unirían Cabanillas e Castelao, aquel trinta de outubro de mil novecentos vinte, no que “ pra ledicia de todos e pra enseño de moitos” saíu do prelo, en Ourense, a revista Nós.

Permítame Don Ramón que, como ourensán, lle dea as grazas; no persoal e como responsable do Goberno da Deputación. Benia pola súa firme decisión, polo seu

enorme esforzo e, sobre todo, por desentrañar o pasado histórico e lingüístico dun territorio, tan noso e tan peculiar, centrado en Montederramo e que abrangía Castro Caldelas, Maceda e Manzaneda, que atravesaba as impresionantes serras de San Mamede, Queixa e das Corzas e que chegaba ata Allariz e a Limia, ata Monterrei e Verín, ensanchándose, polo que logo sería Raia Seca, por Albarellos, Oimbra, Tamaguelos, Mandín, Feces, Vilardevós ou Flor de Rei -como vostede nos ensina-, adentrándose en Portugal, sen que a fronteira política marcasse límite nin barreiras.

Non quero desaproveitar esta ocasión sen manifestarlle ás institucións culturais presentes, e ós persoeiros que nos acompañan, a dispoñibilidade de cooperación da Deputación de Ourense. Algo que ven de vello e que está no espírito e na letra xurídico-administrativa do noso Goberno Provincial. Non esquezamos, só por dar un exemplo, que foi a Deputación de Ourense, a través do Instituto de Estudos Padre Feijóo, organismo que imos recuperar, quen publicou a Tradución galega da Crónica Xeral e da Crónica de Castela, magna obra, tamén, de Lorenzo Vázquez.

Con isto quero dicir que a Ourensanía significa aposta pola cultura desde unha nida perspectiva galeguista, sen epítetos nin apelidos. O galeguismo como cerne da nosa acción política. Se somos galegos é porque nos sentimos

ourensás; nós non renunciamos a nada, aspiramos a todo. Respectamos e honramos a quen nos respecta.

Remato manifestando a miña satisfacción polo recente Plan Estratégico para a protección paisaxística, ambiental e urbanística da Ribeira Sacra. Plan que beneficiará a vinte cinco concellos de Ourense e de Lugo, entre os que está, como non, Montederramo. Importante pulo que axudará, entre outras accións, a recuperar esta fermosa xoia artística na que nos encontramos. Aquí vos agardamos en 2021, para celebrar a Declaración da Ribeira Sacra, por parte da UNESCO, como Patrimonio da Humanidade.

Ata esa data, seguindo o exemplo de tesón e de constancia de Ramón Lorenzo, traballaremos arreo. Encarémonos ó futuro con confianza e seguridade.

Beizón!